



Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

4-11-2013

Dona M^a Emma Álvarez Chao, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá, con DNI 77.595.087 X, actuando en representación do Concello de Lourenzá, con CIF P-2702700 B e domicilio na Praza do Conde Santo s/n, 27760 Vilanova de Lourenzá (Lugo)

EXPÓN:

- Que na data de 31 de outubro de 2013 atópase aberto o prazo de exposición pública contemplado na resolución do 9 de agosto de 2013, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento de DELIMITACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE, ruta da costa publicada no DOG 168 do 4 de setembro de 2013.
- Que na devandita resolución especificase: “(...) *Mediante estudos posteriores revisouse o devandito trazado e procedeuse ao estudo do territorio histórico a el asociado, para a súa delimitación e axeitada protección. Os concellos polos que transcorre o Camiño, segundo a documentación analizada e a proposta formulada, son os seguintes: Ribadeo, Barreiros, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Abadín, Vilalba, Guitiriz, Begonte, Friol, Sobrado, Vilasantar, Boimorto, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela, onde entronca co Camiño Francés á altura da cabeceira do aeroporto.* (...) Á vista deses estudos e considerando o interese histórico-cultural do Camiño de Santiago do Norte pola costa e a necesidade de dar cumprimento ao que establece a lei, atendendo ao parecer do Comité Asesor do Camiño de Santiago e pola proposta de resolución que presentou a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, en virtude das competencias atribuídas no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- RESOLVO: Primeiro. Incoar o procedemento de delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta da costa, segundo a proposta que se concreta nos anexos que se achegan (1 plano guía e 57 planos a escala 1/10.000).**
- Que a escala de 1/10.000 non é una opción para o estudo do territorio galego en xeral, debido á súa realidade minifundista e de asentamentos e construccions cun elevado grao de dispersión.
- Que non se incorpora ós estudos realizados para a súa delimitación ningún estudo de impacto económico e/ou social da poboación do concello de Lourenzá, obviando totalmente os dereitos dos veciños de Lourenzá e o seu tecido socioeconómico e cultural, íntimamente ligados á explotación forestal, tomando en consideración únicamente o rigor histórico (de innegable relevancia).
- Que a LEI 8/1995, DO 30 DE OUTUBRO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, no seu Artigo 8.d especifica que son Bens de Interese Cultural (BIC) “*Lugar de interese etnográfico, aquela paraxe natural, conxunto de construccóns ou instalacións vinculadas a formas de vida, cultura e actividades tradicionais do pobo galego*”.
- Que dacordo ó artigo 8.d da LEI 8/1995, unha vez resolta e aprobada a DELIMITACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE, o territorio histórico delimitado nos planos publicados no DOG 168, pasará a ter consideración de BIC.



Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

- Que se ben na LEI 3/1996 DE PROTECIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO non se prohíben nin as talas, nin as reforestacións, nin as plantacións coa debida autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, posto que se están a outorgar neste momento de incoación do procedemento de delimitación (por definición máis restrictivo) sí se están a prohibir no territorio histórico delimitado para O CAMIÑO FRANCÉS, declarado BIC.
- Que a LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO, DE MONTES DE GALICIA, no seu artigo 4 dicta: "*Dereitos das persoas propietarias dos montes. É un derecho das persoas propietarias a xestión e o aproveitamento dos montes e terreos forestais dos que sexan titulares, desenvolvéndose acordo co previsto na presente lei e a normativa que a desenvolva"*" e da a seguinte definición "*37. Xestión forestal sostible: a organización, administración e uso dos montes en forma e intensidade que permita manter a súa biodiversidade, productividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración, para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes no ámbito local, nacional e global, e sen producir danos a outros ecosistemas"*"
- Que no artigo 9.2 da LEI 3/1996 DE PROTECIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO expõe "*Constitúen elementos funcionais do Camiño os afectos á conservación ou ó servizo del, tales como áreas de descanso, áreas de auxilio e atención médica de urxencia, sinalizacións, albergues de peregrinos e, en xeral, todos aqueles que sexan complementarios á súa utilización*"
- Que no trazado que entra en Galicia dende Abres, o núcleo poboacional de Santo Tomé, con pensión, restaurante, ultramarinos, pabellón polideportivo, centro de culto..., está equidistante dos albergues existentes de Ribadeo e Abadín (sobre 25 km cada unha das dúas etapas Ribadeo-Lourenzá e Lourenzá-Abadín) e que conta cos servizos necesarios para os peregrinos. Amais ubícase a antiga casa reitoral sinalada como patrimonio etnográfico e arquitectónico nos planos facilitados.
- Que somos coñecedores pola prensa de que a asociación Abrindo Camiño alega unha variante marítima da Ruta Xacobea do Norte que pase por Foz e San Martiño

E polo tanto SOLICITA:

- Que no caso de que se catalogue como BIC o CAMIÑO NORTE, se teña en conta que o trazado atravesa unha importante masa forestal (na súa variante que entra en Galicia por Abres) que é o sector produtivo prioritario nos concellos de Lourenzá e Trabada, para que as restricións referidas ás talas, reforestacións e plantacións nunca sexan máis restritivas das xa existentes pola conxugación da LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO, DE MONTES DE GALICIA e a LEI 3/1996 DE PROTECIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.
- A catalogación da antiga casa reitoral de Santo Tomé como OBXECTIVO PRIORITARIO DE INVESTIMENTO no tocante á súa rehabilitación e constitución como albergue. Tendo en conta que o propietario do inmoble é a Igrexa, iniciaranse por parte do concello os trámites necesarios para acadar a súa cesión a fin de prestar servizo ó Camiño.




Concello de Lourenzá (Lugo)

Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

- Rexeitar a pretensión da asociación "Abrindo Camiño", de habilitar a variante marítima da Ruta Xacobea do Norte de Foz e San Martiño, debido a dous motivos, por unha banda debido a que a existencia de tres variantes desvirtúa a esencia do camiño e por outra porque con data 8 de abril do 2010 a Comisión 4ª de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade dos tres grupos políticos alí representados, "instar á Xunta de Galicia a desenvolver os trámites e xestións que estime oportunas co obxecto de oficializar como ruta xacobeira un novo viario de peregrinación coñecido como Camiño do Mar, de tal xeito que se inicien os traballos para a divulgación e promoción deste percorrido que empeza en Ribadeo e continúa polos concellos da costa de Lugo ata Ortigueira, Cedeira e Neda no que se funde coa ruta oficial do Camiño Inglés" e desta maneira terá unha maior entidade.

En Lourenzá, a 4 de novembro do 2013



Maria Emma Alvárez Chao
Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

María del Carmen Martínez Insua – Dtora. Xeral
Edificios adiministrativos - San Caetano, s/n
Santiago de Compostela